

Croa 34 - 2024

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Conselleiro

José López Campos

Secretaría xeral técnica

Elvira M^a Casal García

Director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Directora do Museo

Elena Varela Arias

Consello de redacción

Equipo técnico do Museo do Castro de Viladonga

Revisión de textos en galego

Rodolfo Caballero Otero.

M^a de la Saleta González Rodríguez

Administración e intercambios

Museo do Castro de Viladonga

Viladonga, s/n

27259 - Castro de Rei

Lugo - Galicia

museo.viladonga@xunta.gal

Deseño e maquetación:

sond3.com

Fotografías:

Autores, Marta Cancio e arquivo fotográfico do museo

Imprime:

Grafinco

Castro de Rei,

Museo do Castro de Viladonga,

2024

D.L: LU - 39 / 2000

ISSN: 1575 - 0639

CROA

BOLETÍN DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Nº 34 ANO 2024

Índice

- 6 A importancia da investigación nos museos. O Museo do Castro de Viladonga**
- 8 Prospección geofísica para la descripción y delimitación de elementos arqueológicos en el Castro de Viladonga**
Roger Sala Bartrolí, Pedro Rodríguez Simón (SOT Prospecció Arqueològica)
- 18 Estelas con cazoletas: unha forma para o culto funerario desde o Megalitismo á Idade de Ferro no noroeste peninsular**
Álvaro Pérez Rozas
- 62 Escavación arqueolóxica no xacemento romano dos Escouredos (Castro de Rei, Lugo)**
Jorge Lamas Bértolo / Manuel Lestón Gómez
- 76 Estudio teórico-arqueométrico sobre escorias de hierro de la villa romana de Os Escouredos (Castro de Rei, Lugo)**
Victor Morcillo, Departamento de Prehistoria y Arqueología y Servicio Interdepartamental de Investigación (SIdI)–Universidad Autónoma de Madrid
- 88 A primeira escavación en área do Lugo romano. En 1757 descubriuse na necrópole de San Pedro un pequeno tesouro de máis de 2.000 moedas e 19 enterramentos**
Adolfo de Abel Vilela
- 100 Últimas intervencións na antiga igrexa de San Xoán de Pena, A Eirexe, Lugo**
Roberto Bartolomé Abaira / Adrián Gómez López
- 120 Aínda unha poesía máis sobre o castro de Viladonga**
Felipe Arias Vilas
- 122 Concomitancia das lagoas valuras co *Pseudo-Turpín***
José Otero Canto
- 124 Vidas paralelas de dous heterodoxos lucenses: Segundo Moreno Barcia e Telesforo Ojea y Somoza**
Antonio Prado Gómez
- 146 La fotografía en la obra pictórica de Dionisio Fierros**
Celia Castro
- 158 De reliquias y relicarios. Presencia sacra en la catedral de Lugo**
Adrián Flores Vázquez
- 170 Cruces e cruceiros con historia. Cruceiro de Mesón (Coea-Castro de Rei)**
Fernando Arribas Arias
- 174 O entroido Ribeirao de Santiago de Arriba (Chantada (Lugo) (II)**
José Manuel Blanco Prado
- 208 Museo vivo e integrado do campo e da locomoción agraria**
Marcos Vázquez
- 228 O Museu do Douro e a tranquilidade de um território**
Fernando Seara
- 232 Novidades na biblioteca do Museo do Castro de Viladonga (16)**
Ana Mª Rubiero da Pena
- 237 Normas de presentación de orixinais para a súa publicación**
- 238 Referencias bibliográficas**

A IMPORTANCIA DA INVESTIGACIÓN NOS MUSEOS. O MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Unha das funcións que deben cumprir os museos, moitas veces relegada por outros proxectos e programas de carácter máis visible e lúdico, é a investigación, xa que é a base e o fundamento de todas as demais funcións recoñecidas na definición do museo.

O Museo do Castro de Viladonga, creado no ano 1983 para o depósito, conservación, estudo e difusión dos bens arqueolóxicos, tanto estruturais como materiais, procedentes dos traballos arqueolóxicos iniciados no ano 1971 no xacemento anexo, ten como obxectivo o mantemento, a protección e a xestión deste patrimonio arqueolóxico, a programación de prospeccións, escavacións e a interpretación dos seus resultados, coa finalidade de abondar no coñecemento da cultura castrexa na que se insire este castro.

Os resultados destas análises e investigacións son os que nos permiten ampliar o coñecemento sobre este xacemento, realizar novas interpretacións de anteriores traballos, actualizar os contidos da exposición “permanente” incorporando novos datos e ampliando a información a un público cada vez máis concienciado e exixente coa conservación do seu patrimonio, así como realizar exposicións temporais, de produción propia, sobre as súas coleccións.

O museo, como institución pública, ten a obriga de comunicar a importancia destes traballos e difundilos coa finalidade de sensibilizar a opinión pública da necesidade da protección do seu patrimonio arqueolóxico.

Para facilitar esta información e interpretación do discurso expositivo, o museo edita unidades didácticas de diferentes niveis educativos para a visita de grupos escolares, despregables informativos para a visita ao castro e ao museo, follas de sala e audiovisuais en varios idiomas e linguaxe de signos, publicacións complementarias —a guía do museo e monográficos das súas coleccións— e a edición da revista anual CROA, onde se veñen publicando estudos sobre os

traballos de conservación e escavación do castro e das súas coleccións e outras investigacións sobre arqueoloxía, historia, historia da arte, etnografía, antropoloxía e museoloxía.

Na publicación deste nº 34, ademais doutros estudos de interese, realizados por recoñecidos investigadores e profesionais, figuran dous, relativos ao castro de Viladonga, a “Prospección xeofísica para a descrición e delimitación de elementos arqueolóxicos”, realizada no ano 2023, que proporcionou importantes datos sobre as estruturas do antecastro oeste e a de “Estelas con cazoletas: unha forma para o culto funerario desde o megalitismo á Idade de Ferro no noroeste peninsular”, investigación que permitiu interpretar de novo a función dalgunhas pezas líticas do castro de Viladonga.

O noso agradecemento a todos os investigadores e investigadoras que cos seus estudos fan posible a edición desta publicación. Á Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Cultura polo apoio incondicional a todas as iniciativas e proxectos do Museo do Castro de Viladonga.

Museo do Castro de Viladonga, 2024



Castro de Viladonga. Ano 1973. Imaxe: J. Carballal. Arquivo documental do Museo do Castro de Viladonga.



Castro de Viladonga. Ano 2024. Imaxe: Esteban Tojo.